



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

## **ACTA DA PROBA DA FASE DE OPOSICIÓN DO PROCESO SELECTIVO FORMADOR/A TITOR/A MÓDULO FORMATIVO**

**EXPEDIENTE: 2023/E001/000001**

A Laracha, a 3 de marzo do 2023

Reunidos na Sala de Xuntas da Casa do Concello, ás 10:00 horas, os integrantes do Tribunal cualificador que son:

- Presidenta: Eduardo Mera Rico, funcionario local con habilitación de carácter nacional, interventor do Concello da Laracha
- Secretaria: Marta Vázquez Garea, funcionaria local con habilitación de carácter nacional, secretaria do Concello da Laracha.

Vogais:

- Jorge M. Vidal Zapatero, funcionario local con habilitación de carácter nacional, tesoureiro do Concello da Laracha
- Lucía Barreiro Angeriz, funcionaria administrativa do Concello da Laracha.
- Ana C. Jiménez Mosquera, funcionaria, axente de desenvolvemento local do Concello da Laracha.

O Tribunal entendese validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos seus membros titulares ou suplentes, con presenza, en todo caso, do Presidente e do Secretario).

Procedese a realización da proba da fase de oposición que consiste nun cuestionario, tipo test, de 40 preguntas con 3 respostas alternativas baseadas no contido do programa anexo á convocatoria durante un período de 60 minutos. Neste exercicio cada resposta incorrecta penalizará a metade da puntuación de cada pregunta acertada, non puntuándose as non contestadas.

As 11.00 horas o Tribunal trasládase ao Salón de Plenos da Casa do Concello e realiza o chamamento da única aspirante admitida no proceso, Raquel Durán Veiras, con DNI \*\*3314\*\*\*.

Ás 11:03 comeza a realización da proba, dando 60 minutos para a realización da mesma.

Ás 11:40 a aspirante entrega o seu exame.

Posteriormente procédese a corrección do exame, establecendo a seguinte puntuación: 0,75 pregunta correcta, -0,375 a pregunta incorrecta. Puntuación máxima 30 puntos e puntuación mínima 15 puntos.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Esta é a puntuación alcanzada pola aspirante:

- Preguntas correctas:  $31 * 0,75 = 23,25$
- Preguntas sen contestar: 8...non suman nin restan.
- Preguntas incorrectas:  $1 * -0,375 = -0,375$

Puntuación total= 22,875

Unha vez realizados as dúas fases do que constaba o proceso de selección e sendo superados ambos por Raquel Durán Veiras, conforme ás Bases do dito proceso propónse a alcaldía a súa contratación.

A persoa aspirante proposta presentará, no prazo de tres (3) días hábiles, contados dende que se faga público o resultado da selección, os documentos orixinais acreditativos de que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base 2.<sup>a</sup> desta convocatoria:

1. Orixinal ou copia compulsada de toda a documentación que presentou na fase de presentación de instancia (título/s esixidos, contratos, certificados de empresa, informe de vida laboral, e documentación alegada para valoración na fase de concurso).
2. Declaración xurada de non estar separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, de non estar en situación de suspensión de funcións, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas e de non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
4. Certificado/informe médico de non padecer enfermidade nin eiva física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto.
5. Documentación xustificativa do número de afiliación a Seguridade Social
6. N° de conta bancaria cos 24 díxitos do IBAN

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, a persoa aspirante proposta non presentase a documentación ou non acreditase reunir os requisitos esixidos, non poderá ser contratada e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que incorrera por falsidade.

E non sendo outro o obxecto da presente, dáse por rematado o acto sendo as 12:50 horas, asinando os membros do Tribunal dixitalmente.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)